



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACION DUN SERVIZO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NO CENTRO DE INTERPRETACION DA MURALLA, MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO E XACEMENTO ARQUEOLÓXICO “DOMUS DOS MOSAICOS” DEPENDENTES DO CONCELLO DE LUGO

Sendo as 13:30 horas do día 29 de maio de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía, emprego, autónomos e educación dona Sonia Mendez García, actuando como vocais dona Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde e Concelleira da área de cultura, turismo, xuventude e promoción da lingua, don Manuel Enríque Chaín Fernández, polo Grupo Municipal Socialista, don Xosé Antón Bao Abelleira, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez polo Grupo Municipal Popular, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor xeral do Concello, don Luis Casais, Xefe da Asesoraía Xurídica o e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación.

Tamén asisten ao acto público dona Pilar Tomé, en representación da mercantil SERMASA

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese a continuación á apertura dos sobres B (ofertas económica) co seguinte resultado:

- SERVICIOS Y MATERIALES, S.A.

. Tarefas de organización, dirección e coordinación (A): 16,82 euros máis o IVE (21%) – 3,53 euros, resultando un total de 20,35 €/hora IVE incluído
.Tarefas de recepción-atención telefónica (B) : 15,06 euros máis o IVE (21%) – 3,16 euros, resultando un total de 18,22 €/hora IVE incluído
.Bolsa de horas extraordinarias (C) : 12,97 euros máis o IVE (21%) – 2,72 euros, resultando un total de 15,69 €/hora IVE incluído

- EULEN , S.A

. Tarefas de organización, dirección e coordinación (A): 17,33 euros máis o IVE (21%) – 3,64 euros, resultando un total de 20,97 €/hora IVE incluído
.Tarefas de recepción-atención telefónica (B) : 15,51 euros máis o IVE (21%) – 3,26 euros, resultando un total de 18,77 €/hora IVE incluído
.Bolsa de horas extraordinarias (C) : 13,16 euros máis o IVE (21%) – 2,76 euros, resultando un total de 15,92 €/hora IVE incluído



CONTRATACION

RDI

Refª: ACTA O.E.


Asunto: ACTA APERTURA OFERTA ECONÓMICA

A vista do cal e tendo en conta que na referida contratación exclusivamente se valoraba a baixa sobre os prezos unitarios de licitación como criterio de adxudicación, os membros da mesa acordan por unanimidade propoñer a adxudicación da CONTRATACIÓN DUN DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NO CENTRO DE INTERPRETACION DA MURALLA, MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO E XACEMENTO ARQUEOLÓXICO "DOMUS DOS MOSAICOS" DEPENDENTES DO CONCELLO DE LUGO á mercantil SERVICIOS Y MATERIALES, S.A, nas condicións incluídas na súa oferta por ser a oferta máis vantaxosa para o Concello.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:45 horas, horas no lugar sinalado no encabezamento

A PRESIDENTA

Asdo: Sonia Méndez García



O SECRETARIO

Asdo: Manuel Louzao Aldariz